

SUGAR ISLAND

Johanne Gómez Terrero, 2024

1530

ESTREA EN NUMAX: 02.06.2025 | V.O.. | +12 | 91 min

A mecanización da industria azucreira ameaza con desprazar aos traballadores. Makenya, unha adolescente cun embarazo non desexados, acompaña ao seu avó caneiro nas protestas para ser indemnizados. O proceso de xestación é a viaxe cara a adultez. Unha serpe que representa o misterioso guía a Makenya para que abrace tanto o seu poder terreal coma a súa conciencia multidimensional, navegando o reino do imposible.

«Ganas anticonvencionais nas formas e activismo no fondo»

Javier Ocaña, CINEMANÍA



Unha ópera prima profundamente conmovedora

Por Savina Petkova

Desde o inicio de *Sugar Island*, de Johanné Gómez Terrero, Makenya (Yelidá Díaz) xa non pode permitirse ser unha adolescente. O seu embarazo non desexado muda a súa vida e reorganízaa por completo, disipando o mito dunha adolescencia despreocupada (todo o despreocupada que pode ser nun batey dominicano). A vergoña envolve o seu mundo, e todo ten que cambiar. Ao mesmo tempo, a mecanización industrial está a apoderarse das plantacións de cana de azucre, baseadas no traballo manual, de forma lenta pero inexorable. Non só están ameazadas as tradicións, senón tamén o sustento dos traballadores: a comunidade podería ser desprazada en calquera momento, sen recibir ningún tipo de indemnización. As precarias condicións de traballo non están tan afastadas da posición igualmente precaria do corpo feminino negro. *Sugar Island* tivo a súa estrea mundial na sección Giornate degli Autori do Festival de Venecia.

Johanné Gómez Terrero mestura tradición e espiritualidade, o literal e o alegórico, nunha ópera prima de ficción fermosamente realizada e profundamente conmovedora. Os temas dos dereitos laborais, as protestas contra a mecanización da industria azucreira e o pensamento decolonial fan de *Sugar Island* unha obra sincrética e politicamente comprometida que evita todo rastro de didactismo. Pola contra, o magnífico aspecto visual da película, grazas á dirección de fotografía de Alván Prado, alude a múltiples capas de realidade; é coma se cada acontecemento, cada conversa, estivese a suceder en dous planos ao mesmo tempo: un que vemos e outro que só podemos imaxinar.

Mesmo durante os seus primeiros minutos, *Sugar Island* móstrase tan hipnótica como directa. A iluminación tenue rebota nos corpos duns bailaríns que actúan en grupo, e o vermello dos seus traxes resalta sobre as sombras profundas e escuras. O traballo de cámara de Prado, especialmente cinético nestas escenas, presaxia o movemento entre realidades, pero o efecto visual en si é case vertixinoso: os primeiros planos nunca son invasivos, senón agarimosos. Ao longo da película, cando hai ausencia de palabras, a presenza persistente da cámara enche ese baleiro.

Presentando unha visión honesta e hipnótica das realidades sociopolíticas dunha porción da industria azucreira da República Dominicana, *Sugar Island* adopta un enfoque decolonial para intensificar tanto a súa ficción como o seu realismo. Atendendo a cuestións reais (incluídos os corpos e as trampas que a sociedade lles tende), a película fala de sentimentos de vergoña interiorizada e dunha posible liberación a través da espiritualidade e a sabedoría ancestral.

Publicado en cineuropa.org